

PLAN DE VIABILIDADE
DA PLATAFORMA CIDADÁ
PROXECTO CÁRCERE

**PARA O USO PÚBLICO DO
ANTIGO CÁRCERE PROVINCIAL
DA CIDADE DA CORUÑA**



PLAN DE VIABILIDADE DA PLATAFORMA CIDADÁ PROXECTO CÁRCERE PARA O USO PÚBLICO DO ANTIGO CÁRCERE PROVINCIAL DA CIDADE DA CORUÑA

1. PRESENTACIÓN

- 1.1. NATUREZA DO PROXECTO
 - 1.1.1. Obxectivos
 - 1.1.2. Xustificación do proxecto
- 1.2. ORGANIZACIÓN INTERNA
 - 1.2.1. Organigrama
 - 1.2.2. Proxecto Cárcere como asociación
 - 1.2.3. Colectivos e persoas participantes
- 1.3. TRAXECTORIA E SITUACIÓN ACTUAL

2. O EDIFICIO

- 2.1. INTRODUCCIÓN
 - 2.1.1. Contexto social e urbano
 - 2.1.2. Historia do edificio
- 2.2. DESCRICIÓN ARQUITECTÓNICA
 - 2.2.1. Estilo
 - 2.2.2. Organización espacial e superficies
 - 2.2.3. Sistemas construtivos
 - 2.2.4. Circunstancias urbanísticas
- 2.3. ESTADO DE CONSERVACIÓN
- 2.4. VALOR PATRIMONIAL E POTENCIAL URBANO
 - 2.4.1. Valor patrimonial
 - 2.4.2. Potencial urbano

3. PROPOSTA DE USO

- 3.1. CONTIDO: O CÁRCERE COMO UN LUGAR DE ENCONTRO, COÑECEMENTO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ
- 3.2. PROPOSTAS DE USO
- 3.3. CRITERIOS DE PARTICIPACIÓN
- 3.4. LIÑAS DE ACTUACIÓN

4. MODELOS DE XESTIÓN

- 4.1. A AUTOXESTIÓN COMO FILOSOFÍA
- 4.2. EXEMPLOS PRECEDENTES
 - 4.2.1. Corredera/Barco (Madrid)
 - 4.2.2. Tabacalera (Madrid)
 - 4.2.3. La Casa Invisible (Málaga)

5. MODELO ECONÓMICO

- 5.1. UN FINANCIAMENTO SUSTENTABLE
- 5.2. POSIBLES FONTES DE INGRESOS

6. PROXECTO DE REHABILITACIÓN

- 6.1. FILOSOFÍA DA REHABILITACIÓN
- 6.2. SECUENCIA DE REHABILITACIÓN
 - 6.2.1. Execución de obras imprescindibles para a conservación do edificio.
 - 6.2.2. Elaboración dun plan de usos e dun plan estratéxico de rehabilitación
 - 6.2.3. Execución das diferentes fases de intervención
- 6.3. FINANCIAMENTO
- 6.4. EXEMPLOS PRECEDENTES

7. ANEXOS

- 7.1. RELACIÓN PROVISIONAL DE COLECTIVOS E PERSOAS PARTICIPANTES
- 7.2. MANUAL DE FUNCIONAMENTO INTERNO
- 7.3. MEMORIA DE ACTIVIDADES
- 7.4. DOSSIER DE PRENSA
- 7.5. RELACIÓN PROVISIONAL DE PROPOSTAS CIDADÁS

1. PRESENTACIÓN

1.1 NATUREZA DO PROXECTO

1.1.1 Obxectivos

O antigo cárcere provincial da Coruña, actualmente en desuso, preséntasenos hoxe como un desafío á cidadanía coruñesa para intentar acadar a súa transformación dun espazo de represión noutro representativo da convivencia libre, onde primen os usos sociais, culturais e educativos e onde a memoria histórica do edificio estea sempre presente.

A Plataforma Proxecto Cárcere, estrutura aberta creada a finais de 2010 entre distintas persoas e colectivos cidadáns, intenta recoller as inquedanzas e sentimentos da veciñanza do barrio e da cidade en xeral en torno á idea exposta e crear un movemento cívico de concienciación do dereito a acadar eses fins.

Pretendemos que ese espazo responda ás necesidades e intereses reais da cidadanía e no que a participación desta cobre o maior protagonismo por riba de outros intereses económicos ou políticos. Así, as fórmulas de organización e de xestión que se establezan deberán conceder especial importancia á capacidade de decisión das persoas e asociacións que formen parte do proxecto.

Dentro dos modelos de financiamento que se poidan establecer, e tentando reducir na maneira do posible a dependencia económica doutras entidades públicas ou privadas, a autoxestión preséntasenos como medio idóneo para acadar os obxectivos marcados.

Fuximos de investimentos millonarios e apostamos por modelos sustentables e de aproveitamento dos recursos existentes e así, no relativo á rehabilitación e posta en uso do edificio, apóstase por respectar a estrutura orixinal e basearse en principios de sustentabilidade e integración no entorno urbanístico no que se atopa.

1.1.2. Xustificación do Proxecto

Dende a Plataforma Proxecto Cárcere facémonos eco dos desexos dunha grande parte da poboación de que un edificio como é o cárcere, emblemático por diversos motivos, forme parte do patrimonio da cidade e convértase nun espazo de encontro no que a construción social e a produción artística cobren a maior importancia.

Consideramos que o cárcere debería ser cedido á cidadanía, para ser transformado nun centro sociocultural e da memoria porque...

...este espazo pertence á historia da cidade e teñen que ser as coruñesas e coruñeses quen decida que facer con el.

...a cidadanía ten necesidade dun espazo social, cultural e artístico distinto aos actuais, e onde crear, aprender, e compartir sexan a base na que se sustente o proxecto.

...neste tempo tense demostrado un gran interese polo futuro do edificio en todas as ocasións en que este foi aberto ao público, achegándose numerosas propostas que deberían ser consideradas pola súa diversidade, creatividade e viabilidade.

...a súa localización, dimensións, estrutura e deseño arquitectónico fano axeitado para un centro sociocultural alternativo.

...a súa rehabilitación é posible e asumible dende parámetros de austeridade e sensatez e atendendo unicamente ás necesidades que o proxecto vaia demandando.

...potenciaría á Coruña como cidade moderna, vinculada a outros centros autoxestionados existentes, aberta ao mundo, e atraendo a un turismo cultural e artístico fomentador de intercambio de opinións e culturas. 1.2. ORGANIZACIÓN INTERNA

1.2.1. Organigrama



1.2.2. Proxecto Cárcere como asociación

Nos últimos meses e tras facer unha valoración positiva por parte do colectivo sobre as vantaxes de ter personalidade xurídica, o grupo de traballo de Xestión estudou cal podería ser a forma xurídica da Plataforma.



Nunha primeira fase iniciamos unha busca de tipos de persoas xurídicas e modelos de estatutos doutros proxectos similares ao noso.

Esta tarefa non só nos axudou a escoller o modelo de asociación sociocultural sen ánimo de lucro, regulada na Lei Orgánica 1/2002, senón que nos permitiu establecer contactos con colectivos e iniciativas similares ao Proxecto Cárcere: Bidó (Nou Barris), Patio Maravillas, Amarika, La Tabacalera, Casa Invisible , Ufa Fabrik... enriquecéndonos do traballo e experiencia destas e, ao tempo, dando a coñecer o noso proxecto.

Converternos nunha entidade xurídica implica unha maior burocracia interna: asembleas constituíntes, aprobación de estatutos, rexistro da asociación, altas fiscais..., pero tamén, esperemos, nos dará

maiores facilidades de colaboración coas administracións públicas sen perder, cremos, a filosofía e forma de traballar deste plataforma.

1.2.3. Colectivos e persoas participantes

A Plataforma Proxecto Cárcere está constituída por numerosos colectivos e persoas, principalmente da cidade, mais non só. Trátase dunha estrutura aberta, polo que a incorporación de novos participantes é continua. Estes reciben información regular da actividade xeral da mesma e teñen a posibilidade de integrarse ou colaborar co proxecto da maneira que consideran mais axeitada: asistindo ás asembleas, participando nos grupos de traballo, colaborando na difusión do proxecto, etc.

No anexo 7.1., axúntase unha relación provisional dos colectivos e persoas que integran a plataforma a día de hoxe.

1.3. TRAXECTORIA E SITUACIÓN ACTUAL

A actividade da Plataforma Proxecto Cárcere foi iniciada a finais do 2010 cando un grupo de cidadás e cidadáns, colectivos e organizacións de diversa natureza da Coruña e arredores coñecemos do estado do cárcere, pechado dende 2009, e sen un destino de uso definido por parte das administracións.

En dous meses constituímos a Plataforma cidadá Proxecto Cárcere co obxectivo de articular os intereses dunha parte da poboación da cidade que contemplaba un uso público do cárcere. Consideramos que a antiga cadea podía tornarse nese espazo de troca de experiencias e saberes entre as xentes da Coruña e comarca, que non se está a cubrir con outros espazos

institucionais ou privados. Foron meses de arduo traballo no que organizándonos en grupos de traballo e con reunións periódicas debuxamos ese primeiro esbozo do noso imaxinario do cárcere da Torre como Centro Sociocultural e da Memoria. Dende o levantamento de planos do edificio, avaliacións do estado e posibilidades de mantemento sustentable e recuperación do mesmo, recollida de propostas de uso por parte da cidadanía, investigación e intercambio de experiencias con iniciativas similares, ata o propio proceso de construción grupal e a intercomunicación coa prensa e coas diferentes administracións involucradas nos diferentes momentos, fímonos dando forma a un proxecto común onde todas e todos podamos percibir o cárcere como un proxecto verdadeiramente feito desde o pensar e sentir da base cidadá da Coruña.



Tivemos a grande oportunidade de poñer en práctica o proxecto teórico, que en só 6 meses fomos construíndo, coas Xornadas de Portas Abertas, que tiveron lugar en Xuño de 2011 e onde nos visitaron unha media de 200 persoas por cada un dos 4 días nos que se nos permitiu ser centro sociocultural e da memoria no cárcere. Trinta artistas elaboraron obras de diferente formato para a exposición “Liberdad.é” e se presentaron numerosas actividades autoxestionadas de música, danza, cine, cabaret, foros de debate...e participación veciñal.

As Xornadas foron un momento moi especial na nosa traxectoria que nos confirmou que eramos capaces de encher de contidos o espazo. Faltaba e falta , sen embargo, conseguir que ese espazo fose cedido á cidadanía para que ela puidera desenrolar as súas capacidades artísticas, sociais, culturais, etc , da maneira que mellor considerase.

Após as Xornadas de Portas Abertas, dende a Plataforma continuamos coa actividade: participando en festivais, congresos e sumando forzas con proxectos culturais e sociais independentes, ao mesmo tempo que progresabamos na nosa organización interna e na labor

de definir un Plan de Viabilidade do Proxecto Cárcere para presentar á cidadanía e ás Institucións.

A Plataforma Proxecto Cárcere parte dun concepto de cidadanía activa, responsable e esixente coas Administracións Públicas.

Polo tanto, esta Plataforma tamén demandou deste Concello e do seu actual titular a Sociedade de Infraestruturas y Equipamientos Penitenciarios (SIEP) accións concretas en beneficio do edificio, como por exemplo:

- a) que se tomen as medidas oportunas para esixir á titularidade do edificio, SIEP, que manteña o mesmo en perfecto estado de conservación conforme a lexislación urbanística en vigor.
- b) b) que se destinase, co motivo da aprobación dos Orzamentos Municipais de 2012, unha partida orzamentaria para actividades socioculturais no espazo cárcere.
- c) c) que se axilicen as negociacións para a cesión da titularidade do edificio a favor do municipio coruñés.

Desafortunadamente as nosas demandas non foron escoitadas e en abril de 2012 o estado do cárcere estaba xa nunha perigosa fase de deterioro despois do abandono que sufriu, unha vez rematadas as nosas Xornadas de xuño de 2011.

Foi nese momento, e en resposta á pasividade demostrada polas administracións responsables, cando decidimos presentarnos coas nosas vasoiras e luvas de goma a limpar o edificio. Con esta Brigada de Limpeza pretendíamos chamar á atención sobre o abandono da prisión e visibilizar que á cidadanía non ía ficar de mans dadas vendo o cárcere esmorecer. A pesar de que a policía nacional nos impediu a entrada ao edificio, esta acción tivo unha gran repercusión mediática e social.

Continuaremos a manter contactos co Concello da Coruña e o SIEP informando dos nosos propósitos e mostrando a importancia de conservar o bo estado do edificio, tanto para o ben cidadán como para cumprir coas obrigas da proclamación da Torre de Hércules como Patrimonio da Humanidade pola UNESCO.



2. O EDIFICIO

2.1. INTRODUCCIÓN

2.1.1. Contexto social e urbano

O Barrio de Monte Alto:

O antigo cárcere provincial atópase no barrio de Monte Alto, situado no extremo da península que ocupa a cidade da Coruña, moi preto da Torre de Hércules, Patrimonio da Humanidade desde 2009.

Barrio eminentemente obreiro e mariñeiro, na actualidade é un dos mais poboados do municipio (29,437 habitantes, INE 2009). Foi medrando en ocasións de xeito desordenado e con pouco espazo para as zonas verdes. Hoxe en día é unha das zonas da cidade onde se están a construír e a rehabilitar mais vivendas, o que contribuíu a unha grande especulación urbanística.

Este barrio “con alma” considerado historicamente un lugar fértil no campo do activismo social e cidadá, na actualidade concentra unha grande parte das agrupacións sociais máis activas da cidade. Conviven nel, a Asociación de veciños Atochas-Monte Alto- Torre de Hércules, o Centro Social Gomes Gaioso, numerosas asociacións culturais, asociacións ecoloxistas, sedes sindicais ademais do Centro Cívico Monte Alto, Escola Municipal de Música ou Bibliotecas Municipais.

Parece lóxico pensar que nun lugar con estas características xurdan iniciativas nas que a cidadanía pense en opcións diferentes con respecto ao espazo, p.ex. o local autoxestionado Casa das Atochas, que lamentablemente non puido consolidar o seu proxecto.

A cidade:

Situada na costa Noroeste da Península, A Coruña é unha cidade que conta cunha poboación de 246.000 habitantes (INE 2011), constituíndose no segundo núcleo urbano mais poboado de Galicia.

O sector servizos, o financeiro, a actividade portuaria (mercantil e mariñeira) e, en menor medida, o sector industrial, son as actividades principais para a economía da cidade.

Nos últimos anos, o turismo na Coruña foi en aumento debido á diversificación dos recursos: praias, cultura e gastronomía (no ano 2010 acadou a cifra do millón e medio de turistas).

En canto ao comercio, nos últimos anos deuse unha descentralización, proliferando centros comerciais no extrarradio que van mudando os costumes da cidadanía e creando novos problemas urbanísticos.

Por outra banda, a cidade conta cun considerable número de espazos destinados a actividades culturais e sociais: teatros, cines, salas de concertos, Coliseum, Pazo da Ópera, etc. así como quince centro cívicos e veciñais, bibliotecas públicas e centros como o Forum e o

recentemente inaugurado Ágora. Non obstante, en todos eles a oferta é bastante homoxénea. Á marxe institucional hai que sinalar locais de pequeno tamaño e xestión privada, así como algún social autoxestionado, como o CSO Palavea cunha programación cultural permanente durante todo o ano.

A proposta de uso sociocultural no cárcere debería ser pois integrada dentro desta oferta da cidade contribuíndo á xeración de sinerxías entre os espazos e as persoas que os utilizan. Sería por tanto aconsellable centrarse en responder ás necesidades da cidadanía non cubertas aínda por outros espazos que serían analizadas a través de consulta directa ás coruñesas e coruñeses, ás e ós artistas que desenvolven a súa actividade na cidade e contorno, e ao tecido asociativo e cultural así como ao sector estudiantil e de profesorado das escolas de arte e oficios, universidades e outros centros educativos da Coruña.



O cárcere na primeira metade do século XX

2.1.2. Historia do edificio

A prisión provincial de A Coruña foi inaugurada no ano 1927. Obra do arquitecto Celestino Aranguren Alonso, substituíu ao antigo cárcere situado no paseo do Parrote e supuxo un cambio importante nas condicións de vida dos reclusos. Os estudos penitenciarios de Concepción Arenal (Ferrol, 1820-1893), escritora e activista feminista galega, nos que demandaba condicións humanitarias para as presas e presos nos cárceres, foron influíntes no deseño deste edificio como consta na placa da entrada do mesmo.

O lugar escollido para o que chamaron “Novo Cárcere” foi o da antiga estrada de circunvalación (hoxe paseo marítimo) próximo á Torre de Hércules e moi preto do antigo polvorín das Lagoas.

Entre os seus muros estiveron encadeados desde membros locais da Falanxe nos seus inicios para mais tarde, despois do alzamento nacional, ser destino de presas e presos políticos, entre eles o guerrilleiro anarquista Foucellas, ou o secretario do PCE de Galiza, Gomes Gaioso (ámbolos dous mortos a garrote vil).

Cesou á súa actividade ordinaria de cárcere no ano 1999, pasando a funcionar como centro de inserción social ata o ano 2009, no que pechou definitivamente as súas portas.


Os usos que se lle pretende dar ás instalacións, segundo os medios informativos da cidade, van dende un parador turístico, unha Casa da Tecnoloxía, ou un centro de interpretación da Torre de Hércules. Ningún destes proxectos, polo de agora, chegou a concretarse.

Hai que subliñar que dende o ano 2001, celebráronse na prisión esporádicos e diferentes actos culturais, p.ex. o festival de cine periférico S8, a exposición de Isabel Coixet “From I to J”, as Xornadas de proxecto Cárcere, a inauguración do Día Internacional da Arquitectura, organizada polo COAG (Colexio Oficial Arquitectura de Galicia), abrindo ao público un espazo ata o de agora descoñecido para moitos. Grazas a estas iniciativas comprobáronse as grandes potencialidades do edificio como lugar multidisciplinar e versátil.

PROXECTO
CÁRCERE

2.2. DESCRIPCIÓN ARQUITECTÓNICA

2.2.1. Estilo




Trátase dunha arquitectura ecléctica que responde a unha tipoloxía penitenciaria derivada das formas panópticas (opticon_observar, pan_todos), nas que se permitiría vixiar aos presidiarios sen ser vistos e optimizando así os recursos, posto que reduce o número de vixiantes considerablemente.

Segundo a súa planimetría orixinaria, que se atopa no Arquivo Histórico de A Coruña, o edificio da prisión atoparíase distribuído en torno a un altar central baixo a bóveda central dende a que ramifican os brazos. A entrada faríase a través do edificio da fachada principal que sería dunha soa altura. Unha vez atravesado o patio perimetral adentraríamonos no cárcere que tería unha


estrutura similar ao actual, pero con varios cambios substanciais, coma por exemplo, as intervencións posteriores nas que se incrementou unha altura ao módulo nordeste e noroeste (nos planos constan dunha soa altura) ou os cambios do patio nordeste, que se divide e se constrúen dúas novas edificacións que serven para dar continuidade ao módulo de mulleres e coma almacén respectivamente.

2.2.2. Organización espacial e superficies


Consiste nun gran espazo rectangular rodeado por un muro de cerramento perimetral con catro garitas nas esquinas. As galerías das celas posúen unha estrutura radial. O centro, cuberto por unha cúpula, alberga os servizos centrais (cafetería, biblioteca, economato...), e del parten os catro brazos en forma de cruz. En tres destes brazos están situadas as celas e galerías. O cuarto brazo adícase á entrada. Illadas dentro do patio están as unidades destinadas a mulleres e mozos. Os servizos administrativos están fora dos muros e teñen un dobre acceso, dende o exterior e dende a porta blindada de entrada que cerra o recinto. A súa fachada oculta unha das cruzías do muro do cerramento, intentando ofrecer un aspecto amable cara o visitante.




Planimetría orixinal do Cárcere



Planta baixa





Planta alta



Planta de cubertas

Cadro de superficies [m2]

	s. útil	s. const.
Edificio principal		
Planta baixa	2.622	3.423
Planta alta	1.803	2.410
Total	4.425	5.833
Corpo de benvida		
Planta baixa	297	418
Planta alta	423	546
Total	720	964
Espazos exteriores		
Porches	364	
Patios	2.772	
Patio perimetral	2.418	
Espazos ext. anexos	634	
Zonas axardinadas	464	
Total	6.652	
Parcela (s. catastral)	13.286	



2.2.3. Sistemas construtivos

Estrutura:

En xeral, alicerces e muros portantes de mampostería e formigón ciclópeo, forxados unidireccionais e lousas de formigón armado, máis cerchas e correas de aceiro en tellados; a cúpula central con nervios de formigón armado.

Cubertas:

De tipo inclinado (excepto a cúpula central e mais unha terraza nunha ampliación do corpo de acceso), con cubrición de tella cerámica plana.

Cerramentos:

Os propios muros estruturais de mampostería, duns 70-75 cm. de espesor.

Carpinterías:

Exteriores de aceiro e interiores de aceiro e de madeira.

Tabiquerías:

En xeral de ladrillo, excepto algunhas divisións recentes a base de panelado de madeira.

Acabados:

Recebo de cemento nas fachadas exteriores.


Recebo de cemento e alicatados nas paredes interiores.

Terrazo nos chans interiores.

2.2.4. Circunstancias urbanísticas

Segundo o avance do novo PXOM (pendente de aprobación definitiva), o cárcere merece o nivel de protección estrutural. Este nivel está formado por edificios nos que interesa conservar integramente a súa fachada, patios interiores e elementos estruturais e tipolóxicos básicos. Atendendo a este nivel de protección, non se autorizará o derrubamento da edificación, considerándose obras preferentes as de conservación, restauración, consolidación e rehabilitación, debendo manter as súas fachadas e formación de cuberta así como os seus elementos estruturais (estrutura, forxados, formación de cuberta, escaleiras e outros elementos de interese). Prohíbese expresamente o baleirado do edificio.

Por outra banda, o recinto do cárcere está incluído dentro do perímetro “zona buffer” de protección da Torre de Hércules na súa declaración pola UNESCO como Patrimonio da Humanidade. Así, deberanse ter en conta as especificacións relativas a conservación, imaxe e usos compatibles que recolla o Plan Director da Torre de Hércules (en elaboración).



Zonas de protección da Torre de Hércules (declaración Patrimonio da Humanidade)

2.3. ESTADO DE CONSERVACIÓN

O cadea está en desuso dende hai tres anos e a falla de mantemento fai que, ao día de hoxe, o seu estado sexa de total abandono coas patoloxías máis habituais nestes casos. Por orde de importancia poderíamos clasificalas deste xeito:

Humidades principais:

Localizadas na súa maioría como vías de auga dende as cubertas. Moi perigosas posto que deterioran o inmobile de arriba cara a abaixo a un nivel estrutural, e moi rapidamente. Urxe, polo tanto a limpeza da vexetación nas cubertas e nos canlóns, a reparación e selado de fisuras e pezas deterioradas, así como a substitución das tellas en mal estado.

Humidades secundarias:

Entrada de auga a través das fiestras. Capilaridades dende a soleira localizadas en plantas baixas e muros de fachada.

Falla de carpinterías exteriores:

Localizadas nas fiestras en contacto co exterior. Falla de vidros. Entrada de aves (excrementos, niños), auga de choiva, lixo e posibilidade de furtos.

Corrosión de carpinterías metálicas:

Tanto exteriores como interiores. Reixas, fiestras, varandas, pasamáns... Consecuencia directa da entrada de auga nos recintos.

Deterioro de revestimentos:

Tamén consecuencia da entrada de auga, da falla de mantemento e dos furtos.

Instalacións:

Totalmente inservibles. A instalación eléctrica foi subtraída. A de saneamento non funciona (nin a rede de pluviais nin a de fecais) e a de fontanería non se puido verificar axeitadamente. Non existen sistemas de calefacción nin de ventilación.

2.4. VALOR PATRIMONIAL E POTENCIAL URBANO

2.4.1. Valor patrimonial

Arquitectonicamente trátase dunhas das poucas construcións carcerarias de interese singular en Galicia, un edificio de estilo ecléctico que responde a una tipoloxía penitenciaria derivada das formas panópticas.

Dende un punto de vista histórico, o cárcere da Torre xoga un papel destacado no relato social da Coruña e mesmo de Galicia do século pasado, constituíndo a día de hoxe un claro referente dentro do imaxinario colectivo da cidadanía.

A conxunción destes valores converten o edificio nunha peza cun alto interese patrimonial, calidade que non só deberá ser protexida senón potenciada, atendendo aos novos usos e á nova relación coa cidade que sexamos capaces de implementar.

2.4.2. Potencial urbano

Potencial a nivel de barrio:



Os centros que ofrecen actividades de carácter diario (salas de estudo, talleres, salas polivalentes, etc.) como podería ser o noso proxecto deben estar espallados pola cidade. A zona máis septentrional do barrio de Monte Alto e Durmideiras carecen de servizos sociais destas características.

A existencia destas actividades diarias propiciaría un aumento do comercio, unha mellora da calidade de vida e o fomento dunha vida urbana (non só nos fins de semana). A afluencia a un centro cívico tipo da cidade é de 2.000 visitas ao día o cal implica, se considera un horario de 12

horas, unha afluencia de case 3 persoas ao minuto. Actualmente as rúas do norte de Monte Alto e Durmideiras están case baleiras a maior parte do día.

A diferenza dun centro cívico usual, este é un proxecto que se retroalimenta: se o proxecto vai adiante, o barrio mellora, se o barrio mellora, máis xente participará e o proxecto aínda avanzará máis (insistir en que unha boa parte das asociacións da cidade emprázanse en Monte Alto).


Potencial a nivel de cidade:



O cárcere podería formar parte do conxunto de edificios da cidade cunha oferta sociocultural propia, acollendo eventos singulares similares aos organizados en teatros, recintos feirais, auditorios, etc, máis á vez e o que é máis interesante, cubrindo algúns aspectos que estes non resolven (creación cultural, participación cidadá, etc.).

A accesibilidade é doada, existen liñas de autobús, zonas de aparcamento, e o marco paixasístico favoréceo, sobre todo nos meses estivais.

Potencial a nivel interurbano:



Unha proposta de usos axeitada e fórmulas de xestión innovadoras poden converter ao edificio nun referente máis aló dos límites municipais, servindo como un equipamento para outros concellos da comarca.

Ademais, nos termos da proposta que se presenta neste documento, o edificio formaría parte da rede crecente de espazos colaborativos e de autoxestión existentes ao longo da península, polo que de novo, transcendería ao ámbito local.

3. PROPOSTAS DE USO

3.1. CONTIDO: O CÁRCERE COMO UN LUGAR DE ENCONTRO, COÑECEMENTO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ

Entendemos que a vontade da maioría da cidadanía está a prol de que o cárcere manteña un carácter de uso público no seu conxunto, independentemente dos diferentes proxectos que podan convivir no edificio. Concluimos, pois, que non sería axeitado iniciar proxectos de carácter elitista, comercial ou de acceso restrinxido que resultase contrario aos intereses das coruñesas e coruñeses e que xa están a funcionar noutros espazos privados ou públicos da cidade.

A proposta da Plataforma Proxecto Cárcere consiste na creación dun centro sociocultural e da memoria de xestión e participación cidadá onde se poidan desenvolver actividades sociais, culturais e artísticas e onde se respecte a memoria do edificio e das persoas que nel foron recluídas.

Esta proposta non sería incompatible con outros usos públicos do edificio do cárcere, dadas as súas dimensións, e que se consideren adecuados ou apropiados ao mesmo.

3.2. PROPOSTAS DE USOS

A partir dunha enquisa pública realizada durante o primeiro ano e medio de funcionamento da Plataforma Proxecto Cárcere, chegaronnos propostas de máis de 40 persoas e colectivos da nosa cidade e o seu contorno (ver anexo 7.5) que compilamos nos seguintes bloques. Estas serían as bases temáticas que propoñamos implantar no cárcere. Poderíanse dividir nas propostas sociais, culturais e da memoria que conformarían o Centro Sociocultural e da Memoria(CSCM), máis tamén noutras propostas, non directamente relacionadas cos ámbitos do CSCM, pero que complementarían e se interrelacionarían con estes dende múltiples perspectivas.

3.2.1. Centro Sociocultural e da Memoria de xestión cidadá (CSCM)

Creación dun centro sociocultural e da memoria xestionado pola cidadanía da Coruña, cos obxectivos principais de fomentar a participación baixo uns principios de responsabilidade, troca de intereses e sustentabilidade. Isto parécenos soamente posible cando se atende ás demandas das cidadás e cidadáns con respecto as súas necesidades culturais, sociais e educativas, e se lles fai participar no proceso e xestión das súas propostas.

3.2.1.1. Propostas sociais e educativas

O antigo cárcere provincial da Coruña reconvertido en Centro Sociocultural de Xestión Cidadá ten entre os seus obxectivos principais a creación dunha rede de intercambio fluído de coñecemento que posibilite a formación en colaboración, que dote das ferramentas precisas para a construción dun pensamento crítico e libre, que permita o acceso ás diferentes áreas do

saber popular contando coa participación interxeracional e multicultural que nos ofrece a cidade. Un laboratorio experimental e de creación de coñecemento non vinculado aos intereses institucionais nin ao capital senón que teña como obxectivo a formación na cidadanía dun espírito de conciencia colectiva con capacidade crítica e de acción. Obradoiros, foros de debate, visionado de longametraxes, curtas, documentais, creación dun fanzine propio...son algunhas das ferramentas que se nos presentan para acadar este obxectivo.



a) Espazos de lecer e convivencia:

Habilitar espazos exteriores e interiores de lecer, deporte e troca de intereses e saberes desde diferentes perspectivas, incluíndo a interxeracional e multicultural, e onde se facilite a participación das mulleres e de persoas con diversidade funcional.

Hortas urbanas, xardíns, mercadiños de troco, cinema, taller de bicis, cocíña/comedor comunitario, granxa escola, espazos deportivos e punto de información sociocultural, entre outras.

b) Escola de Formación Cidadá:

Desenvolver unha formación continua de valores sociais participativos para facer sustentable a xestión cidadá do CSCM, así como de toda a cidadanía en tempos de precariedade laboral e económica, con aprendizaxes que fomenten a asertividade individual e colectiva das mulleres e homes da nosa cidade. As temáticas suxeridas en torno a este espazo son dunha grande diversidade: Economía social, modelos alternativos de financiamento e xestión, cooperativismo,

oficios tradicionais, ecoloxía, mediación, feminismo, procesos grupais, convivencia pacífica, reciclaxe, emprego, sustentabilidade, consumo, bioconstrución, software libre, etc.

c) Espazo de participación activa para a mocidade:

Entendendo do interese que ten que xentes de diferentes idades convivan e aprendan as unhas das outras, é tamén importante considerar o potencialidade de que a xente mais nova teña a oportunidade de deseñar as súas propias actividades e procesos de participación. Sen ter moi especificada a forma deste espazo, presentáronse propostas para acondicionar lugares físicos para a mocidade no complexo do cárcere, así como de facilitar e incentivar a súa participación na toma de decisións e acción tanto do CSCM como do global do edificio.



d) Servizos Públicos e Comunitarios:

Dotar de servizos básicos ao complexo do cárcere para facilitar a participación de todas as persoas: Gardería, escola libertaria/horta escola, ludoteca...e tamén espazos de descanso, sanitarios, puntos de saúde...



Como parte dos servizos do cárcere en xeral e do CSCM en particular procurárase a creación de cafés, restaurante, bares, tendas, mercadiños, etc. Poderían funcionar autoxestionados polo CSCM ou en co-xestión entre CSCM e persoas ou grupos de persoas interesadas en iniciar procesos laborais autónomos. Valoráranse unha serie de criterios para estes espazos hosteleiros e comerciais que fomentaran a economía local e de consumo responsable, a cooperación laboral de cidadás e cidadáns en risco de exclusión laboral ou económica, e

mantivese os dereitos laborais das súas persoas asalariadas. Fuxiríase de cesión a grandes empresas ou multinacionais nacionais ou foráneas.

3.2.1.2. Propostas artístico-culturais

Presentáronse unha grande cantidade de propostas diversas para a creación de iniciativas artísticas e culturais que puidesen responder ás moitas necesidades das persoas adicadas ás diversas artes da nosa cidade. Aparece un sentimento bastante xeneralizado de que non existen na nosa cidade iniciativas fortes que apoiem o proceso de formación e profesionalización deste sector. A pesar de haber unha certa oferta de educación artística, musical, teatral, literaria, etc, non se vislumbra por un lado como esta formación inflúe na construción de cultura na cidade ou interacciona coa cidadanía, e por outro lado, non se encontran suficientes espazos de desenvolvemento das capacidades do estudiantado e o sector profesionalizado neste ámbito fóra do contexto académico.

Entre as artes contempladas nas propostas deste apartado están o teatro, arte, literatura, danza, música, performance, títeres, cine, fotografía, audiovisual, graffitis, animación, arquitectura, circo, pintura, escultura, gravado, artes dixitais, téxtiles., etc.

A seguir, algunhas das propostas máis representativas:

a) Viveiro das Artes

Un espazo colaborativo de traballo para todas aquelas persoas adicadas a temas culturais e artísticos onde poder crear sinerxías para o desenvolvemento da súa actividade tanto a nivel creativo como profesional. Trataríase de ofertar un servizo de asesoramento sobre cuestións financeiras, marketing cultural, etc, así como de contribuír coa divulgación e formación da cidadanía nas artes e humanidades. Sería un lugar de encontro entre os diferentes axentes da cidade,



dándolle especial importancia ás relacións de apoio e “contaminación” cultural entre artistas en diferentes momentos da súa andaina, á experimentación e produción interdisciplinar, e á proxección e aprendizaxe local, nacional e internacional.

Incentivaríase a realización de proxectos ou exposicións autoxestionadas polos grupos e persoas artistas dentro e fora do cárcere, así como de ofertar todo tipo de actividades relacionadas con cada tipo de arte co fin de fomentar o seu coñecemento e contribuír financeiramente, dentro duns prezos populares asumibles pola cidadanía, ao funcionamento do Viveiro e do CSCM.

O Viveiro das Artes podería incluír a cesión de locais a artistas, baixo uns criterios previamente acordados, de balde pero por un tempo limitado, para poder dar apoio a diferentes artistas de maneira cíclica.

b) Biblioteca de libros libres:

Dispoñer dunha biblioteca onde os diferentes colectivos e persoas individuais puideran compartir libros sobre diferentes temáticas dunha maneira libre e accesible a todas e todos, e que non sempre están dispoñibles en bibliotecas municipais ou convencionais. Neste espazo de biblioteca poderíanse recibir material bibliográfico de diferentes fontes, e realizar actividades propias relacionadas co mundo da transmisión de coñecementos a través tanto da lectura como da escritura, independentemente do formato que se utilice.

c) Espazos para uso público puntual e permanente:

Galerías, obradoiros, salas de ensaio, salas de conferencias, concertos, etc. onde artistas provintes do viveiro e artistas independentes podan expoñer e vender o seu traballo, e onde se ofrezan obradoiros, charlas e todo tipo de eventos que acheguen a arte ás cidadás e cidadáns, e onde as/os artistas se inspiren na comunidade na que viven ou traballan.

- Estudos de música e locais de ensaio, completando a oferta pública e privada da cidade.
- Escenario con amplificación e iluminación adecuadas para actuacións musicais, teatrais, conferencias...
- Locais para colectivos con actividade permanente no edificio, provendo de actividade continua aos espazos do cárcere.
- Locais, escenarios, salas, patios, etc. para utilizar de forma puntual para a realización de actividades socioculturais, artísticas, deportivas ou musicais.

3.2.1.3. Propostas da memoria histórica

a) Centro permanente da Memoria histórica

Conservar unha galería completa para albergar unha exposición permanente sobre a historia das xentes que pasaron polo cárcere, sobre a historia do edificio, e da súa relación coa cidade da Coruña. A galería permanecería sen mudanzas arquitectónicas, o mais parecido posible a como se atopa na actualidade.

A elaboración desta mostra permanente sería feita por aquelas persoas e colectivos mais directamente involucrados nesta área da historia da nosa cidade, incluíndo tanto as persoas que pasaron pola cárcere e as súas familias, como o persoal que traballou nela. Podería incluír textos, documentos, material audiovisual, producións literarias, artísticas ou doutra natureza de temáticas relacionadas co fin.

Tamén se realizarían exposicións e mostras temporais, así como conferencias, cursos, actividades artísticas e outras que se considerasen de interese.

3.2.2. Albergue xuvenil

Esta é unha demanda de hai tempo e moi apoiada polas xentes da Coruña. A localización e edificio do cárcere sería ideal para este tipo de infraestruturas das que a cidade carece na actualidade. O propio Centro Sociocultural e da Memoria sería tanto un factor atraínte para

hospedes a este albergue, que poderían gozar das actividades continuas e puntuais que nel se realizaran, como beneficiado por ter un aloxamento a bo prezo no propio edificio do cárcere para poder albergar a participantes de fora da Coruña nas actividades do centro. O Albergue tería como principais obxectivos e beneficios para a cidade:

- Proporcionar aloxamento á mocidade en particular e a xente de todas idades en xeral a un prezo razoable, enriquecendo a oferta hoteleira da cidade.
- Posibilitaría aloxar a grupos artísticos, musicais, culturais, etc. que viñera á cidade facilitando os intercambios con outras cidades
- O albergue formaría parte da Rede Española de Albergues de Xuventude (REAJ) e á Rede Internacional de Albergues Juveniles (IYHF), internacionalmente recoñecidos e de consulta habitual polo turismo xuvenil a través da internet.
- Sería unha infraestrutura xeradora de postos de traballo e posta en funcionamento de iniciativas colectivas de xestión de espazos hoteleiros.

3.2.3. Centro Interpretación Torre de Hércules

Tendo en conta a localización do Cárcere na área da Torre de Hércules, recentemente nomeada Patrimonio da Humanidade, parte da cidadanía ve como interesante que o centro de interpretación da Torre de Hércules poda ser albergado dentro da antiga prisión provincial.

3.2.4. Vivendas sociais

É tamén unha proposta bastante repetida pola cidadanía de que se contemple ceder unha parte do cárcere para vivendas sociais destinadas a persoas con dificultades económicas, sociais e culturais, sexa de forma temporal ou permanente.

3.2.5. Observatorio arquitectónico

Sería de grande beneficio para a recuperación e mantemento do edificio do cárcere, aproveitar o traballo realizado polo grupo de infraestruturas de Proxecto Cárcere, así como de outras organizacións e colectivos, e institucións públicas, que están a apoiar a recuperación do edificio dunha maneira sustentable e en sintonía coas demandas e propostas cidadás.

Neste observatorio poderíase incluír a Escola-obradoiro e a realización de formación e intercambio de procesos de construción e urbanismo acorde cos tempos actuais. Entre as diferentes propostas de temas a tratar están a bioconstrución, urbanismo social, sustentabilidade arquitectónica, etc

3.3. CRITERIOS DE PARTICIPACIÓN

Este espazo estaría aberto a todas as propostas cidadás independentemente da natureza da súa actividade ou corrente ideolóxica, sempre e cando respectasen os valores e principios do proxecto e dos dereitos humanos internacionalmente recoñecidos.

Priorizaríanse proxectos e iniciativas que encontrasen dificultades en participar nos espazos convencionais por razóns económicas, por ser grupos ou persoas individuais nos inicios da súa actividade artística, social ou deportiva, ou por ser a súa actividade por e para minorías ou de carácter específico con limitadas axudas e divulgación.

A pesar de dar prioridade a iniciativas minoritarias o cárcere aceptaría tamén outras actividades de maior envergadura e proxección económica, cultural e social de acordo cuns canons predeterminados nos que todas as partes se beneficiaran da súa colaboración.

Daríase valor a proxectos de medio e longo prazo que contribúisen ao financiamento e actividade continua no cárcere. O espazo pretende ser un referente de actividade diaria e por tanto, precisa de iniciativas e actividade comprometida co día a día do centro.

Locais para artistas, colectivos, grupos, etc. serían distribuídos baixo uns criterios de co-responsabilidade e co-beneficio tentando combinar da mellor maneira posible o espazo dispoñible, tempo de uso e diversidade de proxectos.

3.4. LIÑAS DE ACTUACIÓN

En sintonía co expresado noutras partes deste plan de viabilidade, a liña de actuación para darlle uso ao cárcere sería feita de forma gradual. Iniciaríase o proceso utilizando as partes do cárcere en mellor estado e unha vez acondicionadas para a práctica segura de actividades cidadás.

Mentres estes espazos se enchen de actividade, iríanse arranxando outras partes do edificio tendo en conta os orzamentos dispoñibles e as propostas de uso consensuadas.

Esta combinación de espazos acondicionados e utilizados e espazos a acondicionar e a asignar utilización, parécenos a maneira mais económica e ao mesmo tempo dinamizadora de recuperar o antigo cárcere, pois uns espazos axudarían a conseguir capital humano e financiamento para a restauración do resto do edificio.

Este proceso paulatino de utilización e acondicionamento do edificio serviría tamén para evitar os problemas que conleva o abandono total do mesmo, como puidemos testemuñar nestes últimos meses nos que se produciron os maiores estragos no inmovible.

Tendo en conta que os proxectos propostos neste documento, particularmente os autoxestionados, non requiren de grandes inversións económicas iniciais, poderían ser estes os encargados de iniciar o proceso de activación do cárcere. Esta podería tamén ser unha oportunidade para que a cidadanía fose collendo confianza nas súas capacidades de xestión e aprendizaxe colectiva e de mostrar pouco a pouco que unha iniciativa sociocultural xestionada polas cidadás e cidadáns da Coruña é posible e sustentable

4. MODELOS DE XESTIÓN

4.1. A AUTOXESTIÓN COMO FILOSOFÍA

O proxecto que estamos a expoñer o artellamos en base a tres pés fundamentais. Por unha banda, a recuperación física e posta en uso dun edificio singular, representativo e histórico que nestes momentos esmorece. Por outra, a función a desenvolver, o seu contido, para o que apostamos por unha oferta de actividades e usos dirixida a satisfacer necesidades colectivas e individuais non cubertas por outros espazos da cidade. Finalmente o terceiro pé, a maneira de facelo realidade, onde apostamos por un modelo baseado na autoxestión. Estes tres principios constitúen un obxectivo único e coherente, que nace dunha realidade social concreta, un aquí e un agora, e que é recollido por unha parte da cidadanía da Coruña a través de Proxecto Cárcere.

É importante subliñar o marco de partida deste proxecto. A diferenza doutros procesos cunha perspectiva autoxestionaria levados a cabo na cidade nos últimos anos, por desgraza poucos, estamos a falar agora dunha iniciativa que aspira a activar un espazo a través do entendemento coa administración pública e co apoio da veciñanza.

Pendientes de concretar o grao de colaboración admisible ou desexable coas administracións e institucións, a aposta firme é a de traballar dende a autonomía no control do devir desta iniciativa. Cremos que agora máis que nunca, inmersos nunha crise sistémica como a que vivimos, de creba do estado de benestar alcanzado, proxectos destas características constitúen verdadeiras ferramentas de transformación e avance social ás que non podemos renunciar como sociedade.

Mais as virtudes dun proceso autoxestionado non rematan no plano ideal do compromiso social, da corresponsabilidade ou da defensa dos valores democráticos, senón que frutifican en resultados tanxibles.

O éxito desta iniciativa entendemos que será proporcional ao nivel de participación e implicación da cidadanía na súa proposta, xa que por unha banda serán os primeiros e mellores coñecedores das súas necesidades e por outra entenderán como propio o que alí se leve a cabo.

Cabe falar tamén dos réditos positivos que estas iniciativas teñen tanto a nivel social, cun reforzo do tecido asociativo e das dinámicas comunitarias, como a nivel individual, cun desenvolvemento e enriquecemento das persoas nas súas distintas facetas: emocional, afectiva, creatividade, etc.

4.2. EXEMPLOS PRECEDENTES

Existen moitos exemplos no ámbito estatal e internacional de posta en uso de espazos similares a través de procesos de autoxestión. Entre outros:

4.2.1. Corredera / Barco (Madrid)

É parte dunha experiencia na xestión do colectivo a través da creación dun espazo de participación cidadá de persoas e grupos. Mesturando nun só espazo multifuncional e polivalente distintas iniciativas integradas de tipo centro cultural, centro de mediación social intercultural, centro comunitario ou mesas de participación cidadá. Enténdese o espazo como unha aposta cara o urbanismo social que traballa pola xeración de novas xeografías físicas e sociais do común na nosa contorna urbana.

4.2.2. Tabacalera (Madrid)

O edificio da antiga Fábrica de Tabacos de Embajadores é de titularidade pública, e está adscrito ao Ministerio de Cultura, a través da Dirección Xeral de Belas Artes. Polas súas características, é patrimonio histórico, catalogado como Ben de Interese Cultural. Dos 30.000 metros cadrados, 9.200 acollen o Centro Social Autoxestionado La Tabacalera de Lavapiés, a través dun acordo entre colectivos sociais e artísticos e o propietario público desde febreiro de 2010. La Tabacalera articulado como proxecto autónomo, solicitou a execución dun convenio de cesión de uso que de estabilidade ao mesmo.

4.2.3. La Casa Invisible (Málaga)

Trátase dun proxecto sostido por unha ampla rede de cidadáns, veciños e creadores locais da cidade de Málaga que en marzo de 2007 decidiron ocupar un inmovible abandonado de propiedade municipal. Un espazo experimental xestionado de forma colectiva coa intención de fomentar a autoorganización cidadá, o pensamento crítico e a cultura libre e colaborativa.

Dende hai un par de lustros, o Concello de Málaga ten plans para a remodelación urbana deste espazo desestruturado, pero con políticas que, ao igual que sucede noutras cidades europeas, impulsan os procesos de xentrificación. Dende o primeiro momento lograron establecer un proceso negociador co Concello, co fin de darlles a coñecer as dimensións do proxecto. O proceso negociador continúa na actualidade grazas ao relevante apoio recibido por parte de particulares, colectivos e institucións.

5. MODELO ECONÓMICO

5.1. UN FINANCIAMENTO SUSTENTABEL

Dende Proxecto Cárcere somos conscientes da envergadura do gasto que pode supoñer tanto a rehabilitación inicial do edificio, como o seu posterior mantemento. O gran tamaño do edificio faínos ser realistas e propor unha rehabilitación e recuperación da actividade por fases.

Se o noso obxectivo é a autoxestión, debemos ser conscientes da necesidade de equilibrar gastos e ingresos. Estamos a recoller información doutras experiencias similares tanto en España coma no estranxeiro que nos amosan o camiño a seguir de cara a viabilidade dun proxecto como o que estamos a propoñer.

Aínda que a continuación nos centraremos no capítulo de ingresos, non perdemos de vista a necesidade de avaliar os posibles gastos que o noso proxecto levaría consigo nas súas distintas fases. En caso de que por parte das autoridades competentes haxa vontade para articular un sistema de cesión do edificio, analizaríamos polo miúdo os custes do proceso.

5.2. POSIBLES FONTES DE INGRESOS

O Proxecto Cárcere tense constituído como unha asociación cultural sen ánimo de lucro e, polo tanto, ten personalidade xurídica de seu, con capacidade para contratar (persoas e servizos) e xestionar fondos.

A parte dos gastos de mantemento básico do edificio do cárcere, que consideramos deberían correr por conta da institución pública propietaria do inmovible, outras fontes de ingresos para garantir o funcionamento e actividade continua do centro sociocultural proposto neste documento poderían ser:

- Cotas de socios (diferenciando entre as achegas de colectivos e de persoas a nivel individual).
- Doazóns de mecenas ou cidadáns que simpaticen co proxecto e desexen ver o antigo cárcere en uso e mellor estado. Neste apartado podemos citar métodos de captación de fondos a través de campañas en internet co método de crowdsurfing ou doazóns a través de paypal...
- Aluguer de espazos permanentes e temporais. Toda persoa ou colectivo que desexe empregar as instalacións do cárcere deberían pagar unha cota que contribúa a compensar os gastos xerais que xera o mantemento do edificio.
- Subvencións que convocan diversas entidades públicas.

Patrocinio de diversas entidades privadas para o proxecto en xeral ou para actividades puntuais que se organicen polo colectivo, sempre e cando eses patrocinadores cumpran unha serie de requisitos que consideramos fundamentais para aceptar achegas (respecto ao medio ambiente, comportamento ético, respecto á igualdade e á diversidade...).

- Actos de recadación de fondos contando con participación de artistas involucrados no proxecto: músicos, artistas, doazóns artistas plásticos, etc

- Venda de merchandising da asociación (camisolas, chapas, paraugas e outros artigos).
- Mercados de troco que inclúan en cada intercambio de bens entre dúas persoas unha pequena doazón para a asociación.
- En caso de realizárense actividades formativas, a cota que pagarían as persoas inscritas irían destinadas nunha porcentaxe para a asociación e noutra para o pagamento de poñentes, mestres ou monitores.

Os diversos usos que propoñemos para o edificio tamén xerarían recursos en caso de ser ben xestionados. Podemos sinalar algúns dos máis demandados e que nos consta que están funcionando ben noutros proxectos que temos estudado:

- Albergue xuvenil e zona de servizos para autocaravanas.
- Aluguer de salas de conferencias, de exposición, oficinas de traballo, talleres de reparación de bicicletas, locais de ensaio para artistas de diversas disciplinas.
- Programación de cursos: idiomas, informática, música, deseño, fotografía...
- Concesión para establecementos de hostelería
- Tenda propia: deseño, artesanía, moda, arte... así como librería.

A lista pode ir medrando coas propostas que nos acheguen e a súa inclusión no proxecto xeral sería cuestión de estudo por un grupo de traballo que valoraría a idoneidade das mesmas.

É evidente que estamos pensando na xeración de empregos que na actualidade teñen dificultades para atopar un lugar no que desenvolver estes traballos.

Consideramos que con estas fontes de ingresos máis o traballo voluntario que se consegue coa implicación dunha serie de persoas que doan parte do seu tempo libre ao proxecto, acadaríamos un proxecto viable e que iría medrando en función da demanda de espazos, os cartos dispoñibles e as posibilidades do edificio. Todo isto partindo dunhas premisas que serían: a seguridade das persoas, unha regulación transparente e xusta que permita empregar as instalacións a persoas e colectivos en pe de igualdade, máis dando preferencia a aqueles que amosen cooperación co proxecto no seu día a día e, por último, priorizar, en caso de terse que decantar por algunha opción, aos que se consideren de maior prioridade social.

6. PROXECTO DE REHABILITACIÓN

6.1. FILOSOFÍA DA REHABILITACIÓN

O proceso de rehabilitación e posta en uso do edificio debe responder a unha serie de principios básicos, acordes coas inquedanzas da iniciativa Proxecto Cárcere e coa viabilidade efectiva da súa recuperación. Así, dito proceso será:

Aberto e adaptable:

Non responderá a un proxecto pechado previamente, nin se acometerá de vez, senón que se levará a cabo por fases atendendo a un plan estratéxico. Isto permitirá a flexibilidade dos tempos e do financiamento. Así mesmo, facilitará a concordancia entre as necesidades reais de uso e o seu soporte físico, ao ser posible adaptar as distintas intervencións ás circunstancias do momento (recursos, novos usos, novas propostas), e ao contar co coñecemento adquirido a través dun aprendizaxe proba-erro nas actuacións anteriores.

Participativo:

Estender as dinámicas democráticas coas que desenvolve a súa actividade a plataforma Proxecto Cárcere á propia rehabilitación do edificio, permitirá incorporar as necesidades, desexos e perspectivas da cidadanía á súa posta en uso, co que, traballando dende o consenso, garantirase o éxito do resultado e a súa mellor aceptación polas propias usuarias.

De baixo custo:

Trátase de orientar o esforzo ao contido e non tanto ao contedor, a diferenza do que ocorre noutros equipamentos públicos. Ademais, a intervención ten que ser consecuente coas limitacións orzamentarias do momento actual. Así, traballarase dende unha lóxica da necesidade e abrindo vías alternativas de financiamento.

Respectuoso cos valores do edificio:

A intervención no inmovible porá énfase sobre os seus valores arquitectónicos e patrimoniais para preservalos e potencialos. A filosofía de mínimos que se propón para a actuación semella moi compatible con este aspecto.

Sustentable:

A concreción física da intervención incorporará fórmulas vinculadas á responsabilidade coa cuestión ambiental, como son a redución das esixencias, a reciclaxe, o emprego de materiais respectuosos co medio, de técnicas bioclimáticas, e mesmo de enerxías renovables.

Legalista:

A rehabilitación deberá asumir os parámetros mínimos das esixencias de seguridade, funcionalidade e confort que fixan as normativas da edificación correspondentes, de xeito que a xestión e o uso do espazo non se vexan comprometidos.

6.2. SECUENCIA DA REHABILITACIÓN

6.2.1. Execución das obras imprescindibles para a conservación do edificio.

Compre poñer freo urxente ao proceso de deterioro que sofre o cárcere como consecuencia do abandono ao que está sometido. Tras unha revisión pormenorizada que permita coñecer a totalidade das patoloxías, levaranse a cabo as obras necesarias. Esta primeira etapa dirixese á totalidade do edificio e correrá a cargo da administración correspondente, dada a falta de tempo para coordinar outro tipo de procedementos.

6.2.2. Elaboración dun plan de usos e dun plan estratéxico de rehabilitación.

Estes documentos recollerán coordinada e respectivamente unha proposta inicial de contidos para o cárcere e unhas liñas de acción específicas para a recuperación e posta en uso do edificio. Ámbolos dous plans serán elaborados dun xeito consensuado a través da plataforma Proxecto Cárcere.

O plan de usos se baseará nas propostas cidadás que se están a recoller dende a plataforma, atendendo á súa mellor adecuación ao edificio, compatibilidade, interese, etc.



O plan estratéxico definirá os criterios arquitectónicos da intervención, cunha visión global sobre o edificio, mais centrado especificamente no ámbito espacial onde se vaian iniciar as actividades, segundo o plan de usos. Así mesmo, apuntará os modelos de financiamento e de execución das obras nas distintas fases de actuación. A labor máis técnica deste plan, será levada a cabo polos profesionais na materia integrantes do grupo de traballo de infraestruturas do Proxecto Cárcere.

Con estes dous plans se tramitaría coa administración correspondente o acordo de cesión do cárcere á Plataforma.

6.2.3. Execución das distintas fases de intervención



No inicio de cada unha destas fases sucesivas de intervención, como revisión e concreción do plan estratéxico, precisarase dun xeito definitivo o ámbito de intervención, as obras a levar a cabo nel, o financiamento das mesmas e o xeito de executalas. De novo, un proceso aberto á participación das interesadas na iniciativa permitirá estudar e concretar estas cuestións.

A continuación, o equipo de arquitectos, aparelladores e enxeñeiros da plataforma redactará un documento técnico, dando cumprimento aos distintos requisitos legais.

Finalmente, executaranse as obras proxectadas, que serán supervisadas por dito equipo.

6.3. FINANCIAMENTO

Segundo acabamos de ver, no proceso de rehabilitación do edificio conviven diferentes etapas, tipos de obras e axentes protagonistas. En correspondencia con cada un destes momentos, serán oportunos tamén diferentes maneiras de financiar e xestionar as obras.

Así, as intervencións iniciais, dirixidas a consolidar o estado do edificio (subsanción das principais patoloxías) e a dotalo dos servizos (instalacións de electricidade, de auga, contra o lume) e garantías mínimas para o seu uso (limpeza, desprendementos), polo volume e custo das obras, é preciso que dependan dun financiamento público directo, a cargo dunha ou varias administracións (Concello, Xunta, Ministerio do Interior).

A partir deste momento, xa son posibles a entrada e a posta en uso progresiva do Cárcere. Trátase dunha colonización paulatina da mesma, acorde ao plan de usos e ao plan estratéxico de rehabilitación, que necesitará de intervencións máis acoutadas (na súa extensión e nos custos). É aquí onde son interesantes outras fórmulas de financiamento, que deberían reforzar a filosofía autoxestionaria do proxecto, á vez que minimizar o impacto sobre as arcas públicas da recuperación do edificio. Entre os diferentes exemplos, cuxa idoneidade haberá que estudar en cada caso, podemos destacar a promoción de escolas-obradoiro e a colaboración con centros educativos vinculados ó sector da arquitectura e a construción.

O programa de escolas-obradoiro, dependente da Consellería de Traballo e Benestar, leva desenvolvéndose dende 1985 e contará neste ano 2012 cun orzamento total para Galicia de 43 millóns de euros. O obxectivo do mesmo é acadar a inserción laboral de mozos desempregados menores de 25 anos mediante a formación teórico-práctica e a experiencia profesional en diferentes oficios pertencentes na súa meirande parte ó eido da construción. O plan formativo desenvólvese a través da execución dunha obra, cuxa repercusión deberá ser de utilidade pública, sendo a súa duración variable entre un e dous anos. Poden promoverlas os organismos públicos e as entidades privadas sen ánimo de lucro. O financiamento corre a cargo da Xunta nunha parte, sendo a entidade promotora a encargada do resto.

Respecto da colaboración con centros de formación no sector da arquitectura e a construción existentes na cidade, como poden ser a Escola Técnica Superior de Arquitectura, a Escola Universitaria de Arquitectura Técnica, ou os Institutos de Formación Profesional con ciclos de edificación e obra civil, trataríase de aproveitar a realización dos exercicios prácticos incluídos dentro dos planes de estudos destes centros, para procurarlles unha utilidade e aplicación directas, ao centralos sobre un elemento tanxible como é o Cárcere. Os alumnos beneficiaríanse do maior aprendizaxe que supón traballar co concreto e experimentar cos resultados, á vez que gozarían da satisfacción da utilidade do seu esforzo. Así mesmo, estes estudantes poderían enriquecerse persoalmente ao entrar en contacto con outras realidades fóra do ámbito académico, como é esta iniciativa cidadá de posta en marcha autoxestionada dun equipamento público.

Sinalar por último, que o abano de fórmulas de actuación dispoñibles completaríaase coa organización, dende a asociación Proxecto Cárcere, de xornadas abertas á participación cidadá para levar a cabo intervencións específicas no edificio. Aquí tamén, ademais do rédito da obra de mellora, buscaríase dar a coñecer aos veciños o edificio e o proceso de posta en uso do mesmo.

6.4. EXEMPLOS PRECEDENTES

La Casa Invisible é un exemplo do proceso de rehabilitación a través da adaptación dun edificio de 2000 mts² situado no casco histórico de Málaga para convertelo nun laboratorio de saberes e creatividade. A recuperación do patio creou unha nova identidade no barrio, como punto de encontro dos veciños.

No edificio de Corredera / Barco propónse unha rehabilitación autoxestionada e autofinanciada, na que participa toda a comunidade, con criterios de sostenibilidade ecolóxica e a aplicación de técnicas artesanais. A rehabilitación crea un modelo mixto que fusiona a parte autoxestionada e a legalista. Póñense en marcha alternativas, como é a creación dunha construtora en réxime de cooperativa, a reutilización e reciclaxe de materiais, procesos participativos a través do diálogo constante coa comunidade que rehabilita.

Na Tabacalera de Lavapies asumíuse, por parte das persoas que participaban no proxecto de Tabacalera, as tarefas de acondicionamento e mellora do edificio para o seu uso público como centro social. Ao ser una cesión temporal de uso que non incluíu una reforma integral, permitiu dar respostas a cuestión complexas e en proceso. A través da autoxestión permitiu a implicación de tódolos axentes posibles: participantes do centro social, técnicos de Dirección Xeral de Belas

Artes, expertos en patrimonio e arquitectura bioclimática, escolas técnicas universitarias, técnicos, voluntarios...

Existen moitos exemplos de rehabilitación de espazos de características semellantes ao cárcere de A Coruña. O antigo cárcere de Lugo na actualidade estase transformando en espazos dedicados á arte e á cultura; ou o proceso acontecido detrás do MARCO (Museo de Arte Contemporáneo) en Vigo, na que tras varios anos de traballo conseguíuse a rehabilitación e reconstrución do antigo edificio dos xulgados e cárcere de Vigo. Tamén parte da prisión de San Campio en Ferrol, foi utilizada para a ampliación do museo naval.

Outras cárceles españolas foron rehabilitadas para dar distintos servizos aos veciños como foi a utilización do prisión provincial de Palencia que se converteu nun centro cívico cultural ou a antiga cárcere provincial de Salamanca que transformou o seu uso en centro de arte no 2002.

Hai algunhas cárceles que se atopan en proceso de transformación e existen movementos sociais que apoian esa transformación; é o caso da antiga cárcere de Murcia e da antiga cárcere de Huelva, que foron permutadas ao concellos para situar unha biblioteca, centro cultural ou equipamentos

A pesares de que moitas veces existe un movemento social importante para a conservación e rehabilitación de algunhas cadea e o seu uso social estas foron destruídas sen ter en consideración tódolos axentes implicados. Son os casos da cárcere de Carabanchel en Madrid, a antiga cárcere de Trinitat Vella en Barcelona ou a prisión provincial de Huesca.

PROXECTO
CÁRCERE

7. ANEXOS

7.1 RELACION PROVISIONAL DE COLECTIVOS E PERSOAS

- 1 AC Alexandre Bóveda
- 2 AC Manicómicos www.manicomicos.org
- 3 ADEGA (Asociación pola Defensa Ecolóxica de Galiza) www.adega.info
- 4 Alberte Fernández Marinho
- 5 Alberto Fortes Novoa
- 6 Aldara Marcos
- 7 Alejandra Nombela
- 8 Alfonso Mascuñana
- 9 Alfonso Rivera
- 10 Alicia López
- 11 Alicia Rivela
- 12 Amelia Piñeiro
- 13 Ana Leandro
- 14 Ángel Romo Sandoval
- 15 Ángeles Novas Fernández
- 16 Angélica Cillero Rodríguez
- 17 Antón Fernández de Rota
- 18 Antón Gómez-Reino Varela, tone
- 19 arTeu (arte e sociedade) www.arteu.es
- 20 Asociación Cultural Anam Cara
- 21 Asociación Cultural eSe8
- 22 Asociación Galega para a Saúde Sexual (AGASEX) www.agasex.org/
- 23 Aurora Abelairas Vilariño
- 24 Begoña Llamallosas
- 25 Brais Morán
- 26 Carlos Ors Roig
- 27 Carlos Quintas
- 28 Carme Cotelo Rama
- 29 Carmen Nieto Pose
- 30 César Losada
- 31 Chiqui García
- 32 Coleccionan Espacio de Arte
- 33 Colectivo Fluor <http://cargocollective.com/flu-or>
- 34 Comisión Recuperación da Memoria Histórica da Coruña www.memoriadacoruna.com

- 35 Cristina Vilares Seijo
- 36 CUAC (Colectivo de Universitarios Activos, Cuac FM) www.cuacfm.org
- 37 Daniel de Vega Díaz
- 38 Daniel Malvido
- 39 Daniel Vázquez Tasende
- 40 David Molares
- 41 David Pena
- 42 Diana Melendrez
- 43 Diego López
- 44 Dinorah Batallán
- 45 Dolores López Polo
- 46 Eduardo Coello
- 47 Elena Cardezo
- 48 Emilio Graña
- 49 Ergosfera
- 50 Estefanía Vázquez Taboada
- 51 Eva Carballal Barbeito
- 52 Eva Piñeiro Núñez
- 53 Fé Cortón Fernández
- 54 Felipe Riola Parada
- 55 Fran G.C
- 56 Francisco Javier Rodríguez García
- 57 Francisco Sanz Freire
- 58 FugaEmRede (Colectivo de açom global) www.global.fugaemrede.info/
- 59 Gabriel Carreira
- 60 Gael González Beira
- 61 Hortas Urbás
- 62 Iago Martínez Durán
- 63 Iria Brandariz
- 64 Jesús Alonso
- 65 Jesús Carrazoni Fuertes
- 66 Jesús Coello
- 67 Jorge Castro Quian
- 68 José Losada
- 69 Jose Luís Rodríguez
- 70 Jose Manuel Lado Fernández
- 71 José Manuel Pérez Bermúdez
- 72 José Manuel Sánchez Vizcaíno
- 73 José Miguez Rabuñal

- 74 Jose Ucha Calvo
- 75 Juan José Flores Fernández
- 76 Juanma Regos
- 77 Laura Silva
- 78 Leticia Vázquez
- 79 LomoCoruña (Colectivo de persoas interesadas na Lomografía)
- 80 Luís Caparrós Esperante
- 81 Luís Liaño Rodríguez
- 82 Luisa Valdes
- 83 Lydia Ramos Mañana
- 84 M^a José Pérez Santudo
- 85 Macario Iglesias Carbonell
- 86 Man-Hauser – Universidade Invisíbel <http://invisibel.net>
- 87 Manuel Monge González
- 88 Manuela Borrageiros Rey
- 89 Marcos Nine
- 90 María Calvo de Ozamiz
- 91 María García
- 92 María Mascuñana Mejuto
- 93 Mariano E Fdez Cabarcos
- 94 Maribel Longueira
- 95 Mariola Mourelo
- 96 Marta Paz Naveiro
- 97 Martin Moreda
- 98 Masa Crítica A Coruña
- 99 Miguel Angel Martín
- 100 Miguel Garea Garea
- 101 Miguel Marinho
- 102 Miguel Martín Fernández
- 103 Milpedras www.milpedras.com
- 104 Moncho Orzán
- 105 Mónica Alonso González
- 106 Nacho Hortas
- 107 Nando Lestón
- 108 Natalia Balseiro
- 109 Nomepisesofreghao www.nomepisesofreghao.blogaliza.org/
- 110 Olivia Fernández
- 111 Oscar Cabana
- 112 Pablo Golpe

- 113 Pablo Julio López Quintela
- 114 Pablo Leira Canedo
- 115 Paula Iglesias González
- 116 Pegadas Sociedade Cooperativa Galega
- 117 Pepe Diego Durán
- 118 Peter Cunado
- 119 Ramón Fernández
- 120 Raquel Domínguez Soutullo
- 121 Raquel Iglesias Rey
- 122 Rede de Dereitos Sociais www.rede.blogaliza.org/
- 123 Roberto Catoira
- 124 Roberto Roget Antelo
- 125 Rocío Ares
- 126 Rocío Fraga Sáenz
- 127 Rogelio Fernández
- 128 Roi Alonso Padín
- 129 Rubem Centeno Paradela
- 130 Rubén Fenice
- 131 Saleta Alonso
- 132 Sandra Seoane
- 133 Senén Rodríguez-Carrera Iglesias
- 134 Sergio Lago
- 135 Susana Fernández
- 136 Susana Fernández García
- 137 Susana García
- 138 Susana Peña
- 139 Teatro Oprimido Coruña
- 140 Tono, Antonio Galán Fuentes
- 141 Vanesa Cernadas
- 142 Vanessa Frieiro
- 143 Verónica Álvarez
- 144 Víctor E. Pérez
- 145 Xabier Alvares
- 146 Xacobe Meléndrez
- 147 Xiana de la Peña Parga
- 148 Xiao Varela
- 149 Xoan Carlos Dobarro Alves
- 150 Yolanda Martínez Dorda
- 151 Zocamiñoca, Coop. de Consumo Responsábel e Consciente www.zocaminhoca.org;

7.2. MANUAL DE FUNCIONAMENTO

7.2.1. Definición de conceptos

- **Proxecto Cárcere**

Plataforma de persoas e colectivos que apoian a recuperación do Cárcere da Torre como Centro sociocultural e da memoria por e para a cidadanía da Coruña.

- **Asemblea Aberta**

Conxunto de persoas e colectivos, aberto a novas incorporacións, que fan propostas, debaten e toman decisións informadas, preferibelmente por consenso, para a consecución do obxectivo principal do Proxecto Cárcere.

Métodos de toma de decisións:

Consenso:

Procura a implicación e apoio de todas as participantes do grupo nas decisións tomadas e nos traballos e accións que deriven das mesmas.

A decisión só é tomada cando todas (persoas e colectivos) están de acordo.

Proceso: introdución tema – discusión (tanto tempo como necesario) – achegar posturas - decisión:

* Consentir. Apoio a decisión, a pesar dalgún pequeno desacordo

* Bloqueo. Négame porque a decisión...

o Vai en contra dos meus principios éticos (determinar validez)

o Vai en contra dos valores e visión do grupo (explicar)

o Afecta á seguridade do grupo (explicar)

Atención!!!: Non se aceptan bloqueos por razóns persoais e individualistas (de persoas ou colectivos).

Votación:

Procura a implicación e apoio da porcentaxe mais alta de participantes nas decisións tomadas e accións que deriven das mesmas.

A decisión é tomada cando se consegue unha porcentaxe determinada de votos a favor.

Proceso: Introducción tema – discusión (tempo limitado) – votación – decisión

Posibilidades:

- Maioría simple ou ordinaria. Mais votos a favor que en contra.
- Maioría absoluta. Unha maioría igual ou superior á metade mais un das participantes
- Maioría cualificada. Requírense mais votos que nunha maioría ordinaria. Exemplo 2/3, 3/5, 4/7.

Mixto:

Pódese crear un sistema con características dos dous anteriores que se adapte á filosofía e necesidades do noso grupo.

* Grupos de Traballo

Grupos de persoas e/ou colectivos subordinados ás decisións e necesidades da Asemblea que se encargan de elaborar as propostas específicas da súa área de traballo, recollendo o sentir da asemblea e devolvendo as novas propostas traballadas. A única autonomía da que dispoñen é a de distribuír as tarefas entre as participantes no grupo do xeito que prefiran.

- **Equipo coordinador**

Grupo de persoas activas nos diferentes GTs e tarefas do proxecto que sirven como interlocutoras entre o seu GT/tarefa e as/os demais co fin de coordinar os traballos específicos e xerais do conxunto do proxecto. Utiliza como guía o manual de funcionamento, e funciona en base aos acordos e sentires da Asemblea. Idealmente o equipo estaría constituído por 2 ou 3 persoas por GT/tarefa.

- **Participante independente**

Defínese desta maneira á persoa ou colectivo que sen estar a participar nos GTs de forma activa, que sería a forma de colaboración desexada, si está a facer achegas regulares ou puntuais á Asemblea e forma parte da Plataforma do Proxecto Cárcere.

7.2.2. ORGANIGRAMA

- **Asemblea**

Funcións:

- Debater e tomar decisións informadas sobre os puntos recollidos na orde do día.
- Propostas provintes dos diferentes Gts.
- Propostas provintes de participantes independentes.
- Recoller propostas novas dos GTs e de participantes independentes.
- Criar e modificar o organigrama (GTs, funcións, etc) de acordo cos diferentes momentos do proceso.
- Establecer un calendario de traballo e actividades a corto, medio e longo prazo.
- Compoñer a orde do día da seguinte reunión.
- Convocar a próxima reunión da Asemblea

Obxectivos:

- Recuperación do Cárcere da Torre como Centro Sociocultural e da Memoria para a cidadanía
- Avanzar no calendario de traballo (non volver a debater cuestións indefinidamente)
- Posta en común das propostas de todas as participantes na Plataforma
- Garantir a participación democrática na Plataforma
- Grupos de Traballo

Funcións:

- Debate pormenorizado das propostas saídas da Asemblea, e de temas que tendo pasado pola Asemblea precisan de mais tempo e reflexión.
- Recollida de documentos e información relevantes
- Avaliación das opcións dispoñibles para cada proposta
- Devolver os resultados conseguidos à Asemblea para o debate e toma de decisións informadas
- Crear e redactar novas propostas dentro das funcións do propio GT para levar á debate na seguinte reunión da Asemblea.
- Distribución de tarefas entre as persoas e colectivos colaborando no GT

Obxectivos:

- Distribuír de forma efectiva os traballos necesarios para avanzar no calendario de traballo
- Prover de materiais adecuados á Asemblea para a creación de debates informados
- Poñer en marcha as decisións tomadas pola Asemblea

Grupos de Traballo actuais e as súas responsabilidades/tarefas

GT Comunicación

- Creación dun Blogue e mantemento do espazo web
- Comunicación interna/externa
- Recibir propostas internas/externas e poñer en contacto cos relevantes GTs
- Crear conciencia cidadá/política de participación e apoio no proxecto

GT Proxectos

- Usos e contidos
- Viabilidade
- Financiamento
- Forma xurídica
- Rehabilitación do espazo

- Suxírese a creación de catro GTs para distribuír as tarefas e o potencial humano de maneira mais efectiva e equitativa (funcións a completar)

GT Infraestruturas

Rehabilitación do espazo

- Elaboración dun informe de estado do edificio, onde se definan as patoloxías e deficiencias de seguridade existentes no edificio a día de hoxe, segundo a súa gravidade
- Elaboración dunha proposta (de mínimos) de recuperación e consolidación do edificio, para paliar as deficiencias e patoloxías máis graves e permitir o seu uso en condicións de seguridade. Dita proposta incorporará unha listaxe de operacións a realizar e unha estimación orzamentaria básica.
- Proposta de contidos e usos para o edificio, en función da súa compatibilidade co estado do mesmo e a súa configuración arquitectónica

GT Xestión e financiamento

- Viabilidade
- Forma xurídica

Equipo coordinador

Funcións:

- Intercambiar entre os diferentes GTs/tarefas a información, documentos, actas, actividades, etc.
- Propoñer alianzas entre os diferentes grupos para realizar tarefas específicas, no caso de que exista unha clara relación e beneficio para ambos
- Xestionar colectivamente o calendario de traballo para evitar o solape de actividades e tarefas e para recordar á cada grupo as datas límite e prazos de cada traballo a facer
- Avaliar regularmente o progreso dos traballos, actividades e procesos e comunicar os resultados á Asemblea
- Comunicar á Asemblea as valoracións e experiencias de coordinación do proxecto

Obxectivos:

- Conseguir un traballo coordinado e efectivo entre os diferentes GTs/tarefas, e entre estes e a Asemblea
- Avanzar no calendario de traballo do proxecto
- Implementar o uso práctico do manual de funcionamento
- Xerar unha boa e fluída comunicación de traballo interna
- Avaliar o bo desenvolvemento do proceso e manter claros os obxectivos do proxecto
- Aportar información á Asemblea relativa á coordinación entre GTs/tarefas/Asemblea

7.2.3. Reunións da asemblea

As reunións da Asemblea son de grande importancia porque nelas decídese o camiño a seguir tanto a nivel práctico como filosófico para conseguir o obxectivo principal de Plataforma Proxecto Carcere.

Periodicidade.

Adoitase ter unha reunión por mes. A periodicidade irá mudando de acordo coas necesidades do proxecto e por decisión da Asemblea.

Hora de entrada e de saída.

Establecer unha hora de entrada e saída da reunión para facilitar a asistencia e permitir unha mellor efectividade. A duración debería rondar as 2h ou 2h30 máximo.

Asistencia.

Pasar folla de asistencia a cubrir polas asistentes para ter unha estimación da participación

Orde do día.

A orde do día será proposta no fin de cada reunión de acordo coas necesidades xurdidas na presente, incluíndo sempre un punto de cada GdT e do equipo coordinador. Será completada posteriormente polo GT Comunicación con achegas dos diferentes GTs e de participantes independentes. Establecerase unha data máxima para facer achegas.

Temporalizar a orde do día.

Tentarase na medida do posible establecer e respectar uns tempos determinados para cada punto da orde día co obxectivo de usar o tempo de forma efectiva. A distribución de tempo por temática tentará ser realista e flexible.

Completar proposta de orde do día.

A proposta de orde do día completa será enviada á Plataforma antes da data da reunión. Despois desa data propostas de temas a tratar terán de ser valorados de ser incluídos na orde do día no mesmo día da Asemblea dependendo do volume da orde do día e da urxencia do tema proposto.

Levar a asemblea preparada.

As participantes na Asemblea deben recibir a orde do día, convocatoria de reunión e documentación relevante con tempo suficiente para preparar a reunión da Asemblea. Isto será idealmente enviado polas responsabeis do GT Comunicación. É responsabilidade de cada persoa ou colectivo informarse e prepararse adecuadamente para axilizar os procesos de debate e toma de decisión da Asemblea.

Moderación.

A moderación e a secretaría levaranse a cabo cada unha por unha ou varias persoas que serán propostas no inicio de cada reunión, sendo persoas diferentes de cada vez.

Persoa moderadora.

Moderar non é liderar ou dirixir, senón responsabilizarse de axudar ó grupo a cumprir os seus obxectivos, a tarefa ou traballo que se marca a nivel organizativo.

Funcións:

- Presentar os temas
- Control do tempo para tratar todos os puntos da orde do día
- Levar os turnos de palabras
- Evitar reiteracións e monopolios de palabras
- Realizar sínteses do expresado
- Buscar puntos de acordo
- Animar a tomar decisións
- Aclarar o/s acordo/s
- Axudar a superar situacións tensas

Secretaría.

Serán tamén elixidas no inicio da reunión e serán diferentes en cada unha delas.

Turnos de palabra.

Para facilitar a fluidez da Asemblea e permitir a participación do maior número posíbel de intervencións establécese unha primeira rolda de turnos de palabra de 5' e unha segunda de 3'. Priorízase a partir da primeira intervención na Asemblea, a participación daquelas persoas que non tiveran aínda intervido.

Relacións humanas.

Valórase como fundamental no bo desenvolvemento do pensamento e accións colectivas as relacións humanas entre as participantes no Proxecto Cárcere. Estas serán basadas no respecto, confianza e cooperación, escoitando e tomando en conta todas as opinións e suxerencias, compartindo os acertos e superando os desacertos de forma colectiva, confiando e valorando o traballo propio e das demais participantes, e evitando a exposición de dúbidas e desacordos entre persoas/colectivos non relacionados directamente co Proxecto Cárcere nas reunións da Asemblea, GTs ou medios de comunicación da Plataforma.

Demora inicio de reunión.

Rógase puntualidade.

Protocolo de reunión:

- Distribución sala
- Pasar folla de asistencia a asinar polas asistentes
- Elixir moderadora e secretaria/s
- Aprobación acta previa reunión.
- Ler a orde do día
- Propor e aprobar os tempos de cada punto da OD
- * Aprobar/rexeitar a incorporación de novos puntos na orde do día
- Reaxuste dos tempos de cada punto da OD
- Distribución dos documentos e/ou material necesario para a orde do día (se for necesario)
- Inicio e desenvolvemento da Asemblea
- Proposta orde do día para a próxima reunión (10 minutos antes de terminar a reunión)
- Convocatoria da próxima reunión (elixir data, hora e lugar – persoa/s encargadas de solicitar local)
- Recollida da folla de asistencia
- Feche de reunión

7.2.4. Actas

As actas son documentos que serven para rexistrar os compromisos, coñecer e lembrar os temas tratados, asumir as decisións xa tomadas e avanzar no calendario e tomar novas decisións.

Persoa/s secretarias: Escóllense no día da reunión e de forma rotativa

Qué debe incluír unha acta?

- Data, hora de inicio e fin, lugar
- Nomes/número de asistentes
- Orde do día
- Rexistrar os compromisos decididos e asignación de tarefas aos Gts ou persoas
- Proposta orde do día da seguinte reunión

Formato das actas

- Crónica. Recolle as distintas alternativas e principais argumentos que se presentaron, os nomes das persoas que defendían cada postura, os procedementos, etc.
- Acordos tomados. Breves e sumarias. Coidada redacción dos acordos para ser fieis ás decisións tomadas. Toman o carácter de compromisos a asumir
- Transcrición. Transcriben literalmente tódalas palabras expresadas. Precísase de gravadora e traballo posterior de transcrición.

Enviar actas despois da reunión a través da lista xeral de Proxecto Cárcere

Publicar na wiki para o seu acceso público

- Período de corrección de actas. Corrección ou desacordos sobre a acta poden ser enviados ao correo proxectocarcere@gmail.com e serán aprobados na seguinte reunión da asemblea.
- Aprobación das actas ten lugar no inicio da seguinte reunión da Asemblea

7.2.5. Protección de datos

En base á Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, a protección de datos das persoas e colectivos da plataforma regularase da seguinte maneira:

1. Solicitar só os datos adecuados e pertinentes á finalidade para a que se obteñen
2. Non utilizar estes datos con actividades incompatibles con aquelas para as que os datos foron recollidos
3. Os datos non necesarios tense de cancelar. Persoas/colectivos que se teñen dado de baixa.
4. Tense de informar ás persoas/colectivos de que:
 - * existe un ficheiro/rexistro de datos persoais
 - * da finalidade da recollida de datos persoais
 - * nomes, emails, teléfonos para comunicación interna
 - * nomes colectivos/persoas para divulgación externa das participantes na plataforma
 - * das destinatarias da información
 - * da persoa/s responsables do ficheiro/rexistro
5. A liberdade de que calquera persoa/colectivo decidise que algúns dos seus datos non figurasen no ficheiro/rexistro.
6. A persoa/s responsable/s do ficheiro deben velar para que os datos persoais non teñan accesos non autorizados, ou se utilicen para fins non autorizados
 - * Nomear a x persoas con acceso ás listas de emails, etc.
7. Só se poden ceder os datos do ficheiro/rexistro con permiso das persoas interesadas

7.2.6. ACOLLIDA DE NOVAS PARTICIPANTES

Toda persoa ou colectivo que estea de acordo cos obxectivos de Proxecto Cárcere pode participar desta iniciativa. De acordo cos seus intereses e dispoñibilidade.

Cada persoa será informada do traxecto percorrido pola Plataforma así como de onde conseguir mais información (blog, wiki, etc) e terá diferentes opcións para colaborar no proxecto: formar parte da Asemblea, traballar nos grupos de traballo, colaborar en accións concretas, divulgar a iniciativa, facer achegas económicas, etc.

Desde Proxecto Cárcere facilitaremos a integración no sistema de comunicación e traballo da Plataforma e tentaremos que todas as sensibilidades e perspectivas sexan integradas no proxecto.

7.3. MEMORIA DE ACTIVIDADES

Encontros de Novos Modelos de Xestión Sociocultural

Os días 19 e 20 de Novembro de 2010 celebráronse os encontros sobre novos modelos de xestión cultural no IES Anxo Casal organizados pola Concellaría de Cultura. Foi este o primeiro espazo no que moitas das persoas hoxe participantes da Plataforma Proxecto Cárcere comezamos a compartir ideas sobre os posibles usos do edificio do cárcere da Torre. Dese encontro saíu un primeiro documento de intencións titulado “Conclusións dos Encontros de Novos Modelos de Xestión Cultural”.

Constitución Plataforma Proxecto Cárcere

Nos meses de Decembro de 2010 e Xaneiro de 2011 despois de varios encontros decidimos formar unha plataforma cidadá na que puideran participar tanto persoas individuais como colectivos. O obxectivo principal que nos unía e une é o de recuperar o antigo cárcere da Torre como Centro Sociocultural e da Memoria. No mes de Xaneiro aprobamos o noso Manual de Funcionamento no que aparece implícito o carácter asemblear, democrático e participativo da Plataforma, sempre aberta a novas incorporacións, que se tornaría eixe principal no noso sentir, pensar e facer colectivo. (documento anexo)

Manifesto de Proxecto Cárcere

O manifesto de PC é o resultado das conclusións dos Encontros de Novos Modelos de Xestión Cultural, das propostas da AAVV de Montealto-Atochas, pioneira na demanda do uso público do Cárcere da Torre, e das reflexións e propostas das persoas afíns a Plataforma Proxecto Cárcere. (documento anexo)

Logo

No mes de Marzo de 2011 entre as propostas enviadas seleccionamos o logo que representaría desde ese momento o noso proxecto graficamente.

Estratexias para o Desenvolvemento dun plan de usos e o acondicionamento dos Espazos do Antigo Carcere provincial da Coruña

Documento resultado dos traballos de medición e estudos socio-arquitectónicos do grupo de traballo de infraestruturas onde se propón unha actuación sobre o complexo do carcere pautada no tempo, de deseño colaborativo e aberta á sociedade no seu conxunto. Integrando o coñecemento profesional e supervisión técnica nun proceso no que mediante a discusión e a apertura a sociedade, usuaria final e que dotara de vida o carcere, se establezan pontes entre os intereses culturais finais e os medios precisos para os acadar. (documento anexo)

Primeiro Encontro Ibérico de Espazos Culturais Independentes

Participamos no encontro organizado por Espacio Tangente - Centro de Creación Contemporanea en Burgos xunto con outras iniciativas culturais do Estado Español e Portugal

(El Hervidero, culturaindependiente.com, Off limits, Ateneu Sanbóia, El Hacedor, Sala de Cura, Asemblea Amarika, Antic Teatre, Red Artibarri, Espacio Guía, K-Maleón Festival de Cultura Libre, Xochipill”Red de arte planetaria”, Hablar en arte e Belén Sola).

Acordouse a constitución da Rede Transibérica de Cultura Independente e elaborouse un manifesto no que se pretende reivindicar o carácter dinamizador e transformador das iniciativas culturais independentes. (documento anexo)

Blog, Wiki e Facebook de Proxecto Carcere

Proxecto Cárcere realiza a súa comunicación externa a traves do seu Blog proxectocarcere.blogaliza.org e do seu perfil de grupo do Facebook

No Blog pódense consultar as novas do Proxecto e actividades relacionadas con proxectos similares, incluíndo as convocatorias mensuais da Asemblea Aberta, así como consultar o banco de imaxes e audiovisuais das diversas actividades que se realizan e a hemeroteca onde se tentan recoller as novas que aparecen nos Media. No Blog hai un apartado de carácter permanente “E ti...que farías aquí?” no que aparecen algunhas das propostas de usos do carcere e onde se poden deixar novas propostas e opinións sobre o Proxecto. É para nos de grande importancia a opinión e propostas da cidadanía polo carácter comunitario e participativo que se lle quere outorgar a un futuro centro sociocultural e da memoria.

A WIKI é o espazo compartido de comunicación interna onde se gardan os documentos, evolución do proxecto, e arquivos de forma permanente. O perfil de grupo do Facebook funciona como espello do blog e é de carácter mais temporal, sendo tamén un medio de comunicación eficaz e inmediato.

Xornadas de Portas Abertas

No mes de Xuño de 2011 puidemos entrar no cárcere e experimentar na práctica o que sería utilizar o espazo como un centro sociocultural e da memoria. Mais de 25 artistas contribuíron con obras feitas exclusivamente para a exposición “Liberdad·E” e chegaron ao noso correo electrónico mais de 70 propostas de actividades de diferentes colectivos e persoas individuais da cidade. Foron momentos emocionantes onde tamén tivemos a posibilidade de debater sobre xestión, participación, modelos culturais e sobre a memoria histórica desde e para a cidadanía. Mais de 200 persoas se achegaron ao edificio diariamente participando e comezando a facer realidade unha proposta que nacera menos de 6 meses antes.

Apoios á iniciativa de Proxecto Carcere

Creouse unha lista de sinaturas de apoio á iniciativa de recuperación do cárcere como centro sociocultural e da memoria na que se conseguiron durante a celebración das xornadas 400 sinaturas.

Premio CuacsFM ao mellor colectivo cidadá do 2011

Cuac FM elixiu á Plataforma Proxecto Cárcere como mellor colectivo cidadá que traballou a prol da nosa cidade neste ano. Como parte do premio Proxecto Cárcere terá a oportunidade de

realizar un programa radiofónico dunha hora semanal de radio durante 3 meses para divulgar a iniciativa nas ondas.

Festival Itinerante de curtametraxes 5C

A Plataforma Cárcere foi contactada por Comunicació d'Art de Girona, co fin de organizar o Festival de curtametraxes 5C (<http://www.adart.cat/5centims/>), no antigo carcere provincial. Ao non ser posible solicitar o cárcere para as datas requiridas celebrouse finalmente o Festival no Taller de Milpedras o 6 de Setembro. Proxecto Cárcere decidiu apoiar esta actividade como unha forma mais de crear sinerxías con outras plataformas e proxectos culturais, sociais e da memoria en activo.

Festival Internacional Optica

En Outubro participamos no congreso do Festival Óptica cuxo obxectivo é “establecer un foro de diálogo e análise da situación actual a través da creación contemporánea, nalgúns momentos derivando cara aspectos tan importantes como a actual situación social a nivel global. O propio nome do festival denota o concepto: Optica, a posibilidade de por en común diferentes perspectivas visuais e de pensamento da realidade que vivimos”.

O vídeo das Xornadas de Proxecto Cárcere, realizado por Tono Gálan, foi seleccionado neste festival como finalista na categoría de videocreación no «XII Concurso Internacional de Cortometrajes Escuela CEV».

Semana da Arquitectura: Arquitectura e Dereitos Humanos

O COAG (Colexio Oficial de Arquitectxs de Galicia) organizou do 3 ao 9 de outubro unha semana de actividades para conmemorar o Día Mundial da Arquitectura que no ano 2011 estivo adicado aos dereitos humanos. Na Coruña o antigo cárcere da Torre tivo un papel central e a Plataforma Proxecto Carcere foi convidada a participar nos diversos actos nos que se reivindicou este espazo para uso cidadá.

O luns 3 durante a inauguración da Semana da Arquitectura, a que asistiron representantes do Concello, entre eles o alcalde Carlos Negreira, fixemos chegar, en modo de performance, a nosa preocupación polo grave deterioro que sufrira o cárcere dende o mes de xuño, momento en que accedeu ao consistorio o actual goberno municipal.

A Plataforma tamén presentou Proxecto Cárcere o mércores 5 cunha charla-vídeo no Colexio Oficial de Arquitectos ás 20h.

CINEMAD

O vídeo das Xornadas de Proxecto Cárcere, realizado por Tono Gálan, foi seleccionado como finalista na categoría de videocreación no «XII Concurso Internacional de Cortometrajes Escuela CEV».

A nosa curtametraxe foi proxectada no «Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía» o martes 22 de Novembro como parte do CINEMAD'11, festival de cine independente e de culto que tivo lugar en Madrid do 18 ao 26 de Novembro.

O Cárcere nos orzamentos da Coruña

Con motivo da aprobación dos orzamentos para o 2012, a Plataforma aproveitou a ocasión para demandar unha partida orzamentaria adicada a actividades culturais e sociais no edificio do cárcere. (documento anexo)

Proxecto Cárcere e a Prensa

PC foi convidada a participar en diversos programas de radio e entrevistada para os principais xornais con tirada local e revistas de ámbito galego e estatal ao longo deste ano, facendo chegar desta maneira á poboación da cidade, localidades próximas a iniciativa do grupo e proxectar o proxecto dentro e fóra das nosas fronteiras.

Apoios e contacto con colectivos similares

Dentro da nosa política de sumar forzas con outros colectivos que loitan por establecer novos espazos de cultura independente decidimos formar parte da Rede Transibérica de Cultura Independente, así como apoiar iniciativas como as de Amárika de Álava, ex-cárcere de Valparaíso e ACERCA de Valladolid, Sala NASA e o movemento asociativo e cultural da Coruña.

Asociación sociocultural

En Febreiro de 2012 decidiuse tomar a forma legal de asociación co fin de axilizar os procesos burocráticos cos que a Plataforma se atopa na súa actividade diaria.: solicitude de salas públicas para reunións e asembleas, rexistro de comunicacións para as institucións, seguro de responsabilidade civil para actividades e accións dentro e fora do cárcere, etc.

Continuaríamos a nos denominar Plataforma Proxecto Cárcere e a funcionar como tal rexéndonos de acordo ao noso Manual de Funcionamento e ao Manifesto da Plataforma.

Acción Brigada de Limpeza

O Sábado 31 de Marzo fixemos unha convocatoria aberta para limpar o cárcere como denuncia pública do grave estado de deterioro no que se encontra o edificio e contorno. O cárcere tiña sido obxecto do vandalismo, con persoas a entrar e destrozando todo o que podían e de roubos de material e especialmente do cobre que deixou o cárcere sen instalación eléctrica. A nosa intención era limpar o cárcere mais 5 brigadas da policía nacional e un coche da secreta, enviados polo Concello, impedíronnos o paso durante toda a xornada. A pesar diso a acción saíu nos medios e a nosa denuncia foi efectiva nese sentido. O Concello da nosa cidade non se puxo nunca en contacto connosco dando unha resposta sobre a súa actuación nese día ou coas súas intencións con respecto ao cárcere. Nós si enviamos un comunicado à prensa así como ao SIEP e Concello coas nosas explicacións e demandas. Esiximos a responsabilidade de ambas en manter en perfectas condicións o patrimonio da cidade, evitando o vandalismo e realizando os traballos oportunos de mantemento do edificio, e expuxemos mais unha vez a nosa proposta de uso público do cárcere.

Por vías externa soubemos de que se puxera un garda durante 24 horas no cárcere e que se tapiaran as portas da entrada.

7.4. DOSSIER DE PRENSA

27 de maio de 2011

http://www.edu.coruna.es/layout/set/impresion/portada/boletin_educativo/noticias/noticias_locales/exposicion_colectiva_liberdad_e_en_la_carcel_de_a_coruna

4 de xuño de 2011

http://www.lavozdegalicia.es/coruna/2011/06/04/0003_201106H4C9993.htm

<http://galego.laopinioncoruna.es/coruna/2011/06/04/plataforma-vecinal-organiza-actividades-antigua-prision/501941.html>

<http://www.galiciahoxe.com/mare/gh/o-antigo-carcere-provincial-da-coruna-espazo-de-liberdade/idEdicion-2011-06-04/idNoticia-675752/>

26 de setembro de 2011

<http://www.laopinioncoruna.es/coruna/2011/09/26/vecinos-monte-alto-reclaman-usos-sociales-carcel-torre/535492.html>

27 de setembro de 2011

<http://www.laopinioncoruna.es/coruna/2011/09/27/agora/535973.html>

2 de outubro de 2011

<http://www.laopinioncoruna.es/coruna/2011/10/02/rocio-fraga-gestion-privada-hacerse-centro-sociocultural/537599.html>

3 de outubro de 2011

<http://www.elmundo.es/elmundo/2011/10/03/galicia/1317669724.html>

4 de outubro de 2011

<http://www.laopinioncoruna.es/coruna/2011/10/04/concello-condiciona-rehabilitacion-prision-plan-especial-torre/538162.html>

http://www.lavozdegalicia.es/galicia/2011/10/04/0003_201110G4P5991.htm?idioma=galego

<http://www.elidealgallego.com/index.php/periodico-impreso/a-coruna/27988-entrevista>

<http://radiocoruna.com/radio/buscador/gmx-niv4.htm> (é preciso poñer na pesquisa »proxecto cárcere«)

9 de outubro de 2011

Preocupación por el deterioro

http://www.lavozdegalicia.es/coruna/2011/10/09/0003_201110H9C2999.htm?utm_source=buscavoz&utm_medium=buscavoz

20 – 23 de outubro 2011

Proxecto Cárcere no Festival Internacional Óptica en Xixón

<http://networkedblogs.com/oVZ5F>

15 de novembro de 2011

Un vídeo de las Jornadas de Proxecto Cárcere , finalista del Festival Cinemad de Madrid

http://www.lavozdegalicia.es/coruna/2011/11/15/0003_201111H15C4996.htm?utm_source=buscavoz&utm_medium=buscavoz

5 de febreiro de 2012

Proxecto Cárcere advirte do deterioro das cubertas da vella prisión

<http://www.elidealgallego.com/articulo/coruna/-proxecto-carcere-advirte-do-deterioro-das-cubertas-da-vella-prision/20120205042907018049.html>

17 de marzo de 2012

<http://www.laopinioncoruna.es/coruna/2012/03/17/olvido-condena-carcel/590918.html>

7.5. PROPOSTAS CIDADÁS

A continuación, un resumo que recolle as propostas de uso para o cárcere recibidas de xeito voluntario por todos aqueles que se interesaron pola recuperación do antigo cárcere provincial da Coruña e a súa reconversión nun centro sociocultural autoxestionado.

1. Espazos para artistas de xeito permanente (estudios con ou sen vivenda)
2. Punto de encontro e traballo para asociacións, por exemplo, espazo para a cooperativa Zocamiñoa.
3. Cafetería/restaurante en réxime de concesión
4. Espazo para a creación colectiva
5. Espazos expositivos
6. Albergue integrado na Rede de Albergues (española e europea)
7. Espazos para artes escénicas
8. Salas para xuntanzas de todo tipo (polivalente)
9. Espazo para a recuperación da memoria histórica
10. Espazo para órganos de xestión
11. Zona para meditación, ximnasio e hammam.
12. Zona para obradoiros
13. Zona multimedia: Redacción para webs, blogs... Estudio de radio e TV para gravar aos colectivos, artistas que nos visitan...
14. Cine ao aire libre.
15. Pista de xeo para patinar.
16. Celebración de campionatos deportivos.
17. Espazos para a investigación, reflexión, etc. sobre proxectos semellantes. Posibilidades de intercambio de información e documentación.
18. Creación e soporte para pequenas empresas .
19. Centro de proxectos de circo e teatro social aberto a cidadanía.
20. Lugar lúdico para adolescentes con actividades que eles propoñan
21. Centro cívico e sociocultural interxeracional
22. Visitas guiadas
23. Contacontos para xordos.
24. Unha biblioteca de documentos e libros afíns ás filosofías dos diferentes colectivos. Podería incorporar sala de lectura.
25. Unha biblioteca popular
26. Obradoiros de autoreparación de bicicletas
27. Laboratorio para os artistas. Encontros artísticos ou residencias temporais de artistas co fin de encontros internacionais
28. Espazos que poñan en valor as profesións e o coñecemento dos habitantes da cidade a través da súa participación en proxectos de formación.

29. Escola e gardería infantil como un servizo comunitario autoxestionado.
30. Traballar coa xente maior, inmigrantes ou persoas discapacitadas.
31. Un viveiro de creadores.
32. Un viveiro de empresas culturais e artísticas
33. Espazos de encontro que promovan o debate e a crítica aos plantexamentos culturais oficiais. Que tivera moi en conta a acción pedagóxica
34. “Universidade pop” que organizara cursos tan variados que van desde a gastronomía á filosofía, pasando pola arquitectura ou a música; organizan obradoiros de artes plásticas, teñen un bar onde fan sesións con DJ's...
35. Librería
36. Colectivización de recursos
37. Creación dunha cociña e comedor colectivo
38. Sala de ordenadores conectados a internet de uso libre.
39. Taller de reciclaxe.
40. Proxecto de roupa de segunda man.
41. Un centro de formación ou escola-obradoiro sobre alternativas de xestión, organización, financiamento, relacións, resolución de conflitos, etc.
42. Creación dunha horta urbana
43. Promover a visibilización e participación das mulleres de todas as idades no proxecto
44. Promoción do intercambio con outras entidades no campo da Igualdade de Xénero
45. Seguimento informativo das políticas sociais e medidas que afecten aos colectivos cos que traballamos.
46. Obradoiros de Educación Sexual
47. Continuidade da (S8) Mostra de Cinema Periférico cada ano no mes de xuño.
48. Taller de arte urbano e espazo skate: patios.
49. Acción e asistencia social
50. Centro de interpretación da Torre de Hércules
51. Museo sobre diferentes personaxes galegos
52. Obradoiro de tarefas tradicionais e manuais (costura, ferreiro, cerámica, cociña, etc)
53. Stream-lab, con cámara, sensores e telepresencia
54. Radio comunitaria
55. Escola libertaria, centro de educación libre
56. Eco-Aula de sensibilización ambiental
57. Locais de ensaio
58. Estudos de música
59. Espazo de reinserción
60. Centro de acollemento de persoas sen teito
61. Zona de difusión dos movementos sociais da cidade

Proxecto Cárcere ve factible a idea de pór en práctica estes e demais proxectos que imos recibindo porque entende que moitos deles vanse ir retroalimentando, o que axudará non só á súa posta en funcionamento senón tamén á súa consolidación.

PLAN DE VIABILIDADE DA PLATAFORMA CIDADÁ PROXECTO CÁRCERE PARA O USO PÚBLICO DO ANTIGO CÁRCERE PROVINCIAL DA CIDADE DA CORUÑA de [Asociación Proxecto Cárcere](#) está publicado baixo a licenciada de [Creative Commons Reconocimiento-NoComercial-CompartirIgual 3.0 Unported License](#).

